



## CONCELLO DE SANTIAGO

### RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 5 DE ABRIL DE 2011

#### LICENZAS.-

#### FAVORABLES.-

**LIC/314/2011.- JOSE PEREIRO IGLESIAS.-** Nave sen uso na rúa de Polonia, parcela 101, polígono de Costa Vella, SUNP-37

**LIC/178/2011.- JOSE LUIS NOYA CEREIJO.-** Vivenda unifamiliar illada e derruba de ruína no Lugar de Sanxuas, 8

**LIC/349/2010.- INMOBILIARIA DE PUENTES Y CALZADAS.-** Construción de edificio para 35 vivendas de VPA e locais comerciais na parcela M5 do SUP-7 de Ponte Pedriña II, rúa E.

#### PARCELACIÓNS.-

**LIC/399/2011.- MILAGROS VIEITES IGLESIAS.** Parcelación urbanística da parcela 1.343 do Plano xeral de concentración parcelaria de Eixo-Marrozos.

#### APERTURAS

**LAP/313/2010.-** Licenza de actividade dunha explotación de gando vacún no lugar de Paradelas de Arriba número 4, Nemenzo. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente para o ditame de incidencia ambiental.

#### DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

**607/11.- CARMEN SEXTO OTERO** ..... Expte. LIC/1434/2006 ..... 1.200 €.-

#### OCIHR

#### LICENZAS.-

**LIC/648/2010.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.-** Reparacións varias na estrutura, galería e instalacións comúns no inmovible sito na rúa da Virxe da Cerca, 29.

**LIC/2476/2010.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO.-** Reconstrución campanario igrexa San Martiño de Laraño.

**LIC/289/2010.- EDUARDO SEXTO OTERO.-** Porche en vivenda unifamiliar na rúa de San Marcos nº 55

**LIC/464/2010.- ISABEL FRADE RENDO.-** Reforma de cuberta en edificio de vivendas na rúa Casas Reais, nº 38

#### DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.

**DIS/987/2010.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.-** Devolución de fianza de 601 € depositada en garantía da ocupación da vía pública na rúa Campo do Forno, nº 1

**DIS/956/2010.- CONSTRUCCIONES EXISA SA .-** Devolución de fianza de 601 € depositada xa que non foi ocupada a vía pública cunha grúa na rúa Casas Reais.

**DIS/1385/2010.- CONSTRUCCIONES EXISA SA .-** Devolución de fianza de 601 € depositada en garantía da ocupación da vía pública na travesía de San Pedro, 2- R/ San Pedro, 47B.

**TREVISANI SL.-** Devolución de fianza de 12.000 € depositada en garantía da ocupación da vía pública no Paseo Central da Alameda.

**5 a 112.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmoables; no imposto sobre vehículos de tracción mecánica; no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

**113.- Prórroga da encomenda de xestión do aparcadoiro de borde de Salgueiriños por parte da empresa municipal TUSSA ata o 31.12.2011.**

Apróbase a devandita prórroga.

**114.- Adxudicación da prestación de servizo para completar a elaboración do inventario informatizado sobre a base dun catastro previamente revisado dos bens inmoables que integran o patrimonio do Concello de Santiago.**

Adxudícase o devandito contrato a María José Freire-Garabal Núñez, por un importe de 55.224 euros.

**116.- Adxudícase o Servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais 2011.**

Adxudícanse o devandito servizo á empresa ARUMIA, S.L., por importe de 19.923,12 euros.

**117.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Secretaría Xeral de Emigración.**

Apróbase a sinatura do devandito convenio, para levar a cabo un programa de atención, información, orientación e asesoramento xurídico e sociolaboral para inmigrantes e retornados. Para a realización destas actividades, a Xunta achegará 50.000 euros e o Concello 20.000 euros.

**118.- Proposta da concelleira de Normalización Lingüística relativa á solicitude de subvencións para o mantemento do servizo de Normalización Lingüística e para programas de dinamización lingüística.**

Acórdase solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un total de 127.311 euros, destinados ao mantemento do servizo de normalización lingüística (57.884), ao reforzamento do servizo (22.107) e aos programas de dinamización lingüística co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local (47.320 euros).

**119.- Propostas da concelleira delegada de Persoal relativas á aprobación de bases específicas da convocatoria para a provisión de postos de traballo.**

Apróbanse as bases específicas para a provisión, polo sistema de concurso de méritos de dous postos de traballo de promoción interna de xefes de sección do Departamento de Informática e doutro, tamén de promoción interna, de responsable de emprego.

**120.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á reclamación de intereses de demora formulada por unha empresa.**

Acéptase unha proposta de liquidación de intereses de demora en relación ás obras dunha edificación destinada ao Departamento de Servizos Sociais e Muller, por importe de 2.733,88 euros, a favor da empresa IMAGA, PROYECTOS Y CONSTRUCCIONES S.A.

**121.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa a adoptar acordo definitivo en relación co expediente de cesión gratuíta a favor do SERGAS da parcela R-10 do Plan parcial do SUP-4 de Conxo, para que sexa destinada a Centro de Saúde Público.**

Adóptase o devandito acordo, mantendo a redacción do acordo inicial de cesión a favor do SERGAS da referida parcela, agás no que se refire á condición 3, que establece que a licenza para a construción deste centro de saúde deberá ser solicitada no prazo de 6 meses dende a adopción polo Concello do acordo definitivo de cesión. As obras deberán finalizarse no prazo de 2 anos unha vez obtida a licenza

**122.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á proposta de BROSS NOROESTE EMPRESA INMOBILIARIA S.L. (antes PROMOCIONES OROSO SL) en relación co local que debe entregar ao Concello sito en República do Salvador, 12.**

Rexéitase integramente a proposta da devandita empresa.

**125.- Dar conta da sinatura de convenios reguladores das correspondentes subvencións nominativas para o ámbito cultural do ano 2011.**

Dáse conta da sinatura dos convenios coas seguintes entidades: Ateneo de Santiago de Compostela, Asociación Novo Circo e Cabaret Galego, Conservatorio de Música Tradicional e Folque, Museo do Pobo Galego, Grupo Chévere-Sala Nasa, Asociación Cultural Solfa e Asociación do Traxe Galego.

**126.- Dar conta da sinatura do contrato de cesión do uso gratuíto de dúas vivendas municipais a ASPAS.**

Dáse conta da sinatura da cesión por un ano, prorrogable ata un período máximo de catro anos de dúas vivendas municipais situadas na rúa Roma, 5, para o desenvolvemento do proxecto para vida independente de persoas con discapacidade intelectual.

## **URXENCIAS**

1.- Tómase coñecemento da recepción das obras de urbanización executadas no SUP-7 de Ponte Pedriña así como as actuacións complementarias de conexión.